

Reivindicacións feministas para unha cidadanía transformadora

Dereitos económicos
das mulleres

Mulleres en situacións
de conflito

Incidencia política
e participación cidadá
das mulleres



ACSUR
LAS SEGOVIAS

emeren ta zabal zazu



Universidad
del País Vasco

Euskal Herriko
Unibertsitatea



INSTITUTO DE ESTUDIOS SOBRE DESARROLLO Y COOPERACIÓN II
NAZIOARTERO LANIDETZA ETA GARAIPENARI BURUZKO IKASKETZEA

Reivindicacións feministas para unha cidadanía transformadora

Dereitos económicos
das mulleres

Mulleres en situacións
de conflito

Incidencia política
e participación cidadá
das mulleres



Esta publicación realizouse co apoio financeiro da Dirección De Cooperación parao Desenvolvemento do Goberno Vasco e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID). O Contido de dita publicación é responsabilidade exclusiva de HEGOA e ACSUR-Las Segovias e non reflicte necesariamente a opinión do Goberno Vasco e da AECID

Editan:



www.hegoa.ehu.es

UPV/EHU

Edificio Zubiria Etxea

Avenida Lehendakari Agirre, 81 • 48015 Bilbao

Tel.: 94 601 70 91 • Fax: 94 601 70 40 • hegoa@ehu.es

UPV/EHU

Villa Soroa

Ategorrieta, 22 • 20013 Donostia-San Sebastián

Tel.: 943 01 74 64

UPV/EHU

Biblioteca del Campus de Álava, Apartado 138

Nieves Cano, 33 • 01006 Vitoria-Gasteiz

Tel. • Fax: 945 01 42 87 • hegoagasteiz@gmail.com



ACSUR
LAS SEGOVIAS

Cedaceros 9, 3º izda • 28014 Madrid

Tel.: 91 429 16 61 • Fax: 91 429 15 93 • acsur@acsur.org

www.acsur.org

Proyecto cofinanciado por:



Novembro 2010

Coordinación: Aitziber Eguskiza Samos, Amaia del Río Martínez,

Marta Casal Cacharrón y Rocío Lleó Fernández

Fotografías: Gisela Volá, Llum Quiñonero, Alex Millá

Impresión: Lankopi, S.A.

Diseño e maquetación: Marra, S.L.

Depósito Legal: BI-3201-2010

ISBN: 978-84-89916-45-6



Reconocimiento- NonComercial-SenObraDerivada 3.0 España

Este documento está baixo unha licencia Creative Commons. Permítese libremente copiar, distribuir e comunicar públicamente esta obra sempre e cando se recoñeza a autoría e non se use para fins comerciais. Non se pode alterar, transformar ou xenerar unha obra derivada a partir desta obra.

Para ver unha copia desta licencia, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/>

Índice

Presentación	5
Reivindicacións: Dereitos económicos das mulleres	11
Reivindicacións: Mulleres en situacións de conflito	15
Reivindicacións: Incidencia política e participación cidadá das mulleres	19
Dereitos económicos das mulleres	23
Mulleres en situacións de conflito	31
Incidencia política e participación cidadá das mulleres	39
Experiencias transformadoras: Dereitos económicos das mulleres	47
Rede Latinoamericana de mulleres Transformando a Economía (REMTE)	49
Mulleres campesiñas e do medio rural	51
Mesoamericanas en Resistencia por una Vida Digna	53
Asociación de Mulleres Traballadoras do Fogar de Bizkaia Etxe barrukoak (ATH/ELE)	55
Experiencias transformadoras: Mulleres en situacións de conflito	57
Asociación Amismaxaj	59
Proxecto Esperanza	61
Observatorio Xénero, Democracia e Dereitos Humanos	63
Asociación de Investigación e Especialización sobre Temas Iberoamericanos (AIETI)	65

Experiencias transformadoras:	67
Incidencia política e participación cidadá das mulleres	
Marcha Mundial de Mulleres	69
Plataforma Mulleres Ante o Congreso	71
Rede feminista fronte á violencia contra as mulleres	73
Ecoloxistas en Acción	75

“Reivindicacións feministas para unha cidadanía transformadora”

Esta publicación enmárcase no proxecto de Educación para o Desenvolvemento “*Xénero na Educación para o Desenvolvemento: Temas de debate Norte- Sur para a axenda política das mulleres*”, desenvolvéndose conxuntamente por HEGOA e ACSUR-Las Segovias e financiado pola Dirección de Cooperación ao Desenvolvemento do Goberno Vasco e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

HEGOA, desde a súa fundación en 1987, ten vido realizando múltiples iniciativas nos ámbitos do desenvolvemento humano e da cooperación internacional e amosou a vontade de incidir na loita pola igualdade efectiva de mulleres e homes, apostando por unha axenda de desenvolvemento humano que dé prioridade á vixencia dos dereitos das mulleres, que xere conciencia crítica sobre o patriarcado como sistema de dominación, que interseccione este co resto de sistemas que xeran desigualdades, e que dote de poder ás mulleres e ás organizacións feministas para poder ser donas do seu futuro e das súas decisións.

AC SUR, desde a súa creación en 1986, ten intentado contribuír ao desenvolvemento dunha conciencia crítica dos cidadáns e cidadás, acompañando os procesos de participación democrática e organización social, desde unha perspectiva de solidariedade e cooperación internacional. A equidade entre homes e mulleres é un valor fundamental para esta organización e a súa práctica procura ser coherente co feminismo. Por iso para esta organización os dereitos das mulleres non son sómente o tema de algúns proxectos de cooperación ou educación, senón que están presentes en todo o traballo, incluso a nivel de reflexión e transformación interna.

Desta maneira, en HEGOA e ACSUR sempre fomos conscientes de que a construción de xénero atravesa o conxunto da actividade humana e por iso impulsamos que a perspectiva feminista estea integrada na análise das problemáticas globais que temos abordado en cada momento e nas propostas formuladas desde a Educación para o Desenvolvemento. Baixo estas premisas, esta publicación nace con vocación crítica coa actual orde social dominante, que ten efectos moi prexudiciais en termos de desigualdade para as mulleres, e con vocación de transformación social, cara a construción de sociedades máis xustas e libres onde non teña cabida a opresión e explotación das mulleres. Desde a consideración de que é precisamente a teoría feminista e a perspectiva de xénero -como enfoque de traballo- quen aporta os contidos máis emancipadores á Educación para o Desenvolvemento, temos intentado que nesta experiencia educativa se recoñezan diferentes aportes feministas no traballo pola defensa dos dereitos humanos das mulleres.

O proxecto pretendeu fortalecer en coñecementos aos axentes vinculados á Cooperación e a Educación para o Desenvolvemento mediante propostas formativas, de debate, ferramentas de traballo e incidencia política en torno a tres temáticas críticas para a defensa dos dereitos humanos das mulleres: Dereitos económicos das mulleres; Mulleres en situacións de conflito; e Incidencia política e Participación cidadá das mulleres.

Este traballo tense realizado poñendo énfase no recoñecemento das mulleres como suxeitas de dereitos explorando vías de actuación coherentes cunha Educación para o Desenvolvemento comprometida politicamente co feminismo. Desta maneira, por un lado, temos xerado debate e temos editado diferentes publicacións que transcenden a reflexión, tantas veces relegada a espazos académicos, para construír unha teoría crítica, orientadora e con propostas de accións tendentes á xustiza de xénero. Por outro lado, temos establecido un diálogo e alianzas entre ONGD, colectivos de mulleres e feministas -do sur e do norte- rescatando as voces e os testemuños de mulleres, a miúdo silenciadas, e a través da súa mirada comprender a súa situación e recoñecer os seus esforzos e logros cara un desenvolvemento que supere a desigualdade entre mulleres e homes. A continuación sinalamos os resultados que pretenderon acadar:

- Recoñecer o status das mulleres como actores económicos e suxeitas activas de pactos políticos e cidadáns, identificando a violencia contra as mulleres como expresión

de dominación, poder e control dos homes e repensando unha cidadanía que inclúa ás mulleres como suxeitos de dereitos.

- Difundir o pensamento político e económico feminista e as boas experiencias que teñan permitido visualizar cambios nas prácticas sociais de exclusión e subordinación das mulleres e que contribúen a subverter as actuais relacións de xénero, tamén en procesos de construción de paz ou rehabilitación posbélica.
- Incorporar unha mirada crítica sobre as iniciativas de desenvolvemento para que se recoñeza a dimensión política do privado e a súa relación coa vida e os dereitos das mulleres.
- Elaborar propostas e estratexias para incidir na cooperación para o desenvolvemento recuperando as axendas feministas, así como o recoñecemento dos efectos das desigualdades de xénero nos conflitos como violacións aos dereitos humanos.

Unha das actividades máis importantes deste proxecto foi o desenvolvemento do Encontro “Feminismos na axenda do Desenvolvemento” que tivo lugar en Bilbao os días 27 e 28 de maio de 2010. Este evento tiña entre os seus obxectivos a elaboración dunha axenda política, isto é, apuntar algunhas reivindicacións feministas no actual contexto de globalización e crise de civilizacións para posteriormente realizar actividades de sensibilización e incidencia política en diferentes ámbitos. Con este propósito establecemos no programa do Encontro un espazo para o traballo en grupos no que debater e concluír con algúns consensos en clave de reivindicacións en torno aos dereitos humanos das mulleres. Esta publicación “*Comprometidas coa xustiza social. Reivindicacións feministas*” que agora presentamos ten a súa orixe no quefacer e esforzo dos referidos grupos de traballo.

No Encontro participaron máis de 200 persoas, mulleres na súa maioría. Moitas delas fixérono a título individual, pero outras asistiron como representantes de ONGD -máis de 30, asociacións de mulleres e movemento feminista do Estado español e América Latina, persoal técnico e político de administracións públicas, alumnado e profesorado de universidades, empresas e asociacións vinculadas ao ámbito da igualdade e cooperación para o desenvolvemento, partidos políticos, etc. Este dato reflexa a pluralidade, diversidade e

acumulación de propostas que se trasladaron nos diferentes espazos do Encontro. De todas maneiras, a variedade e abundancia de reflexións e propostas non impediron a vontade de chegar a consensos en cada un dos grupos de traballo.

Durante este evento desenvolvéronse tres talleres simultáneos para debater os seguintes temas: dereitos económicos das mulleres; mulleres en situacións de conflito; e incidencia política e participación cidadá das mulleres, no actual contexto de globalización neoliberal, auxe de fundamentalismos relixiosos e crise, non só económica e financeira, senón tamén ecolóxica, de coidados, política e de valores. Resaltar a intensa interrelación entre as tres temáticas para avanzar na consecución dos dereitos humanos das mulleres e os coñecementos que nos aporta a análise feminista acerca da integralidade dos dereitos, tanto na práctica como na teoría. Esta vinculación entre os diferentes dereitos fíxose clara xa na primeira proposta inaugural do evento cando Marcela Lagarde subliñaba a indivisibilidade dos dereitos humanos das mulleres, comezando polo dereito a unha vida libre de violencia, cuestión á que se aludiu continuamente nos tres talleres. Non obstante, a complexidade dos dereitos humanos e o arduo traballo en defensa destes fai preciso dividir o debate por grandes temas, razón pola que dedicamos un espazo diferenciado a cada un deles.

A publicación consta de tres seccións e cada unha destas inclúe as reivindicacións e demandas por temática, o documento argumental sobre o que versan estas demandas e as experiencias transformadoras, que foron tomadas a modo de exemplos na defensa dos dereitos humanos das mulleres en distintos contextos. Todo iso para ilustrar, inspirar e provocar a quen son responsábeis do desenvolvemento de instrumentos e políticas, intentando a que incorporen as necesidades e intereses estratéxicos das mulleres, tanto no ámbito público como privado, e garantan a eliminación das desigualdades históricas e as inxustizas estruturais que sofren polo mero feito de ter nacido mulleres.

Consideramos que esta publicación pode ser un material para a incidencia política co que diferentes axentes poden ir debatendo, reflexionando e sumando propostas. Así pois, facemos un chamamento a que se utilice, manexe, comparta, distribúa e mellore con total liberdade. De feito, édítase con *copyleft* porque intentamos tamén, como parte da nosa loita contra a globalización neoliberal, combater a xestión mercantilista da cul-

tura e o coñecemento e denunciar os escuros intereses que existen detrás desta, así como crear alianzas con outros movementos sociais que na súa loita por defender a libre circulación de saberes está contribuíndo tamén ao desenvolvemento de sociedades libres, onde o coñecemento e as estratexias de información e comunicación dos movementos feministas e de mulleres sexa unha realidade.

Desexamos que o contido que se presenta a continuación sexa de interese para todas aquelas persoas, organizacións e entidades -governamentais e non gobernamentais- que traballan no ámbito do Desenvolvemento e os Dereitos Humanos, promova a reflexión crítica feminista e contribúa á transformación política e social cara sociedades máis xustas e equitativas en termos de xénero. HEGOA e ACSUR asumen o compromiso de realizar actividades de incidencia política dirixidas a diferentes colectivos, como por exemplo medios de comunicación, universidades, comisións do Parlamento Vasco e Congreso de Deputados, Institucións e Administracións públicas. O reto do futuro consiste en xerar a vontade política que dé cumprimento aos compromisos para avanzar na igualdade de xénero desde a reconceptualización dos dereitos das mulleres e con mirada crítica ao actual modelo neoliberal e sistema patriarcal.

Queremos concluír esta presentación agradecendo con moito cariño ás autoras o esforzo pola elaboración do documento de cada unha das temáticas abordadas, así como á Comisión asesora deste proxecto sen cuxa colaboración e aposta desinteresada por esta iniciativa faría imposible o seu favorábel desenvolvemento. Ademais, a todas e cada unha das persoas e organizacións que participaron no Encontro e ao seu intenso e excelente traballo desenvolvido nos talleres, cuxo resultado está recollido nesta publicación. Á Dirección de Cooperación para o Desenvolvemento do Goberno Vasco e á Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento polo financiamento deste material, así como para a realización das diferentes actividades enmarcadas no proxecto.





Reivindicacións:
Dereitos económicos das mulleres



1

Esiximos a revisión e reconceptualización de moitos dos termos que se empregan na economía convencional, e avogamos por explorar modelos socio-económicos alternativos que procuren como obxectivo garantir unha vida digna. Entre os conceptos a reformular queremos destacar a limitada noción de *traballo* utilizada como sinónimo de emprego, así como a restritiva visión do *coidado* desde unha concepción frecuentemente extraeconómica.

2

Esiximos que os dereitos individuais das persoas non estean vinculados ao emprego. Así mesmo, esiximos ás administracións públicas o recoñecemento e a garantía no cumprimento das súas obrigas respecto aos dereitos económicos das mulleres, que teñen que ver co mantemento e a ampliación das coberturas sociais.

3

Esiximos traballar cara a consecución de formas de produción, circulación, distribución e consumo xustas, equitativas e sustentábeis, desde valores feministas.

4

Esiximos colocar a cuestión dos coidados no centro do sistema social como elemento estrutural e fundamental do mesmo.

5

Esiximos recoñecer, valorar e repartir equitativamente todos os traballos, especialmente os máis desvalorizados, é dicir, os realizados maioritariamente por mulleres.

6

Esiximos a corresponsabilidade nos traballos non remunerados, especialmente os domésticos e de coidados, entre os diversos axentes implicados: homes, empresas e gobernos.

7

Esiximos o cumprimento efectivo dos dereitos laborais nos traballos remunerados, subliñando a necesidade de incorporar o traballo doméstico remunerado ao Réxime Xeral da Seguridade Social.

8

Esiximos que as empresas e os estados asuman a súa responsabilidade en canto á erradicación da violencia contra as mulleres no ámbito laboral, prestando especial atención aos empregos feminizados.


9

Esiximos que se garanta o acceso e control por parte das mulleres á auga, á terra, ás sementes, etc., así como o dereito a tomar decisións sobre a súa planificación e xestión. Esiximos o recoñecemento das mulleres como produtoras de alimentos e a súa imprescindible contribución á proposta de soberanía alimentaria, económica, financeira e enerxética dos pobos.

10

Esiximos que os plans de estudos e de investigación sobre Economía incorporen a perspectiva feminista e cren sinerxías co resto de ramas do coñecemento social.





Reivindicación:
Mulleres en situacións de conflito



1

Esiximos unha análise feminista sobre as guerras, os conflitos, as súas causas e consecuencias, garantindo o exercicio do poder, os medios e os espazos para a acción política das mulleres.

2

Así mesmo, esiximos o recoñecemento dos diferentes papeis que xogan as mulleres nos conflitos armados, non só como vítimas e construtoras de paz, senón tamén como combatentes para posibilitar a súa reinserción social, e outros.

3

Esiximos a transformación do concepto hexemónico de seguridade (internacional e cidadá) cara a idea de seguridade humana, así como tamén demandamos a desmilitarización, desarme, recorte de gastos militares e control de armas de todo tipo.

4

Esiximos incorporar de maneira prioritaria e permanente o feminicidio e o tratamento da impunidade nas axendas de diálogo político, así como nos códigos penais.

5

Esiximos visibilizar e recoñecer o papel protagonista das mulleres e as axendas feministas, así como garantir a efectiva participación destas en procesos de regulación pacífica de conflitos e construción de xustiza social e penal, posibilitando a reparación integral das vítimas.

6

Esiximos aos poderes públicos o recoñecemento da súa responsabilidade nas violacións de dereitos humanos das mulleres, tanto se son cometidas por axentes do estado como por grupos armados ou por particulares, con especial atención na violencia sexual sufrida polas mulleres en conflitos. Esiximos a verdade, xustiza e reparación e a reconstrución da memoria histórica, incluíndo a perspectiva feminista na recuperación da mesma.


7

Esiximos o cumprimento de políticas e normas xurídicas contra a trata de mulleres e nenas, así como a súa revisión, desenvolvemento e aplicación desde un enfoque de dereitos humanos con perspectiva feminista, asegurando tamén o cumprimento dos dereitos da infancia.

8

Esiximos o recoñecemento de conflitos existentes e invisibilizados, como por exemplo Colombia, Guatemala, Honduras, e outros moitos, así como a asunción das responsabilidades dos gobernos nos desprazamentos producidos por empresas do Estado español, que afecta ás mulleres de forma moito máis violenta.





Reivindicacións: Incidencia política e participación cidadá das mulleres



1

Esiximos a reformulación do concepto de cidadanía desde a perspectiva de xénero e feminista fronte a unha concepción actual de cidadanía que lexitima dinámicas de exclusión e negación de dereitos fundamentais, que afectan especialmente ás mulleres. Reclamamos unha cidadanía plena e universal que implica a autonomía das mulleres e, polo tanto, que os seus dereitos non estean vinculados a formas específicas de convivencia, estado civil, situación laboral, sexualidade ou procedencia.

2

Esiximos a transformación do concepto de desenvolvemento, que na súa actual identificación co desenvolvemento produtivista está facendo insustentábel a vida das persoas e do planeta, cun especial impacto sobre a vida das mulleres polos roles que tradicionalmente lle foron asignados.

3

Esiximos a garantía efectiva do dereito a unha vida libre de todo tipo de violencias para as mulleres, tanto no ámbito privado como no ámbito público, como condición *sine qua non* para acceder ao exercicio dos dereitos económicos, sociais, culturais, sexuais e reprodutivos.

4

Esiximos o dereito efectivo das mulleres a decidir sobre o seu propio corpo, desde un enfoque crítico co heterosexismo e a heteronormatividade. Denunciamos as políticas gubernamentais e as doutrinas relixiosas que pretenden controlar o corpo das mulleres, e esiximos a laicidade dos estados.

5

Esiximos a transformación do enfoque actual das políticas de control migratorio e das disposicións e normativas de estranxeiría, que xeran a vulneración de dereitos humanos fundamentais das mulleres migrantes e lexitiman discriminacións directas e indirectas por razón de xénero, procedencia e situación administrativa.

6


Esiximos a garantía efectiva do dereito de asilo para as mulleres que son perseguidas por motivos de xénero e vulneradas nos seus dereitos fundamentais mediante calquera das expresións da violencia: violencia no ámbito da parella, violencia no ámbito comunitario, violacións en contextos de conflitos armados, mutilacións xenitais, embarazos forzosos, esterilizacións forzosas, violencia baseada na orientación sexual ou na identidade sexo -xenérica.

7

Esiximos o recoñecemento dos movementos de mulleres e feministas como interlocutores nos procesos de deseño e toma de decisións sobre as políticas públicas, desde a identificación da súa autonomía para marcar axenda e tempos. As políticas públicas, e especialmente as políticas de cooperación, deben apoiar os procesos de empoderamento das mulleres e as súas organizacións de base, así como impulsar as redes e plataformas de intercambio e apoio mutuo para a incidencia política.

8

Esiximos a efectiva transversalización das análises e demandas dos movementos de mulleres e feministas nas políticas públicas, incluíndo as políticas da cooperación para o desenvolvemento.





Derechos económicos de las mujeres

Documento elaborado por:

Yolanda Jubeto, Sandra Dema, Mertxe Larrañaga

O modelo de relacións sociais e económicas existente no mundo impide que as mulleres poidamos gozar dos nosos dereitos en condicións de igualdade. Así mesmo, os dereitos humanos foron elaborados en boa medida desde unha cuestión androcéntrica que non garante a satisfacción das necesidades das mulleres na mesma medida que as dos varóns.

A división sexual do traballo obriga ás mulleres no conxunto do planeta a asumir a maior parte do traballo que se realiza no mesmo, tanto no Norte como no Sur. Sen embargo, as mulleres só recibimos unha pequena parte dos ingresos e da riqueza dispoñíbel no mundo, posto que boa parte do traballo que facemos –o doméstico e o de coidado– prodúcese á marxe do mercado e sen remuneración algunha.

O acceso das mulleres ao traballo remunerado tampouco se produce en condicións de igualdade cos homes, as mulleres accedemos ao mercado laboral en menor medida que os varóns e en condicións máis precarias, posto que ocupamos máis empregos temporais, a tempo parcial, no sector informal da economía, peor remunerados, etc.

A isto engádese que as políticas públicas e de desenvolvemento que se levan a cabo, tanto nos países do Norte como do Sur, fóronse construíndo a partir dun referente masculino. De tal maneira que o suxeito dos dereitos económicos e sociais é o cabeza de familia, xeralmente varón, e as demais persoas que integran os fogares adquiren dereitos derivados. Esta situación no só é discriminatoria, senón que non reflicte nin se adapta á diversidade de formas de convivencia existentes no mundo. Todo iso fomenta a feminilización da pobreza e produce importantes desigualdades de xénero en todo o mundo.

Os dereitos sociais e económicos que precisamos desenvolver para garantir a nosa cidadanía económica están directamente relacionados co reparto da carga total de traballo, remunerado e non remunerado; así como cunha educación que potencie as nosas capacidades e cun medio ambiente adecuado que nos permita vivir con calidade. É preciso garantir ás persoas, independentemente do seu sexo, un traballo remunerado que posibilita a súa autonomía financeira, unha calidade no emprego que permita desenvolver o seu potencial persoal e unha seguridade social pública que garanta o goce da saúde, o lecer e o descanso.

En suma, a consecución destes dereitos demanda unha transformación da estrutura social que se preocupe de asegurar que estes dereitos son efectivos e que se adaptan ás necesidades das mulleres e dos homes do conxunto do planeta, contribuíndo a superar os obstáculos discriminatorios que podan existir no camiño.

1. Dereito efectivo a un reparto equitativo dos traballos domésticos e de coidados entre mulleres e homes.

O traballo doméstico e de coidados que realizamos as mulleres ao longo da historia e que aínda hoxe realizamos maioritariamente en todo o planeta é fundamental para garantir a reprodución social e o benestar das persoas. Sen embargo, este tipo de traballo está pouco valorado socialmente e desenvólvese de forma gratuíta no interior dos fogares, sen presentar custo algún para as empresas nin para os estados. Empresas e estados, non obs-

tante, aproveítanse dos cuantiosos beneficios que lles proporciona o traballo gratuíto das mulleres no mundo.

A carencia de valoración económica e social de boa parte das actividades que non pasan polo mercado limita os dereitos socioeconómicos de quen se dedica fundamentalmente ás tarefas domésticas e de coidado. Estas tarefas non só non son consideradas socialmente como traballo, senón que tampouco se derivan delas dereitos propios. Este proceso afecta, así, a un gran número de persoas, na súa maioría mulleres, que debido á división sexual do traballo non puideron constituírse en suxeitos de dereitos económicos propios e individuais, senón que os seus ingresos e os seus dereitos sociais derivan da súa relación con outra persoa, xeralmente un varón, que participa de forma remunerada no mercado laboral.

Ante esta situación é preciso un reparto equitativo da carga global de traballo existente no mundo, de maneira que homes e mulleres asuman as responsabilidades domésticas e de coidados en condicións de igualdade e poidan acceder, polo tanto, ao emprego, así como ao gozo do seu tempo propio, dos seus recursos, da súa autonomía e dos seus dereitos sen discriminación por razón de sexo.

2. Dereito efectivo ao emprego con condicións laborais equitativas e satisfactorias, incluíndo unhas retribucións laborais dignas.

Entendemos o traballo como unha actividade que debe estar ao servizo do benestar das persoas e da sociedade; non unha actividade ao servizo do mercado e dos intereses das clases poderosas. Desde esta perspectiva cuestiónase o dereito a un emprego digno como unha forma de garantir a autonomía das persoas e a súa contribución á sociedade.

Sen embargo, no proceso de globalización actual estase agudizando a problemática da carencia de facto de dereitos no mundo laboral, o cal implica nalgúns lugares, tanto do Norte como do Sur, a falta tamén de dereitos básicos como a cobertura sanitaria pública, por

exemplo, para amplos colectivos. Así mesmo, estase polarizando a estrutura laboral, retributiva e de capacidade de decisión económica nas sociedades do denominado primeiro mundo. Estas tendencias afectan de forma específica ás mulleres xa que somos as que temos as maiores taxas de temporalidade, realizamos a maior parte do traballo a tempo parcial e sufrimos de múltiples discriminacións horizontais e verticais no traballo de mercado. No Sur estas tendencias agrávanse dada a extensión dos traballos informais realizados por un gran número de mulleres, en condicións de precariedade, inseguridade e falta de cobertura social.

Urxe, polo tanto, unha mellora das condicións laborais das mulleres e unha recolocación dos horarios de traballo de homes e mulleres, de forma que uns e outros podamos asumir o traballo, tanto dentro como fora do fogar, en condicións de igualdade. Sen que as mulleres teñamos que seguir realizando unha maior carga de traballo, sobre todo doméstico e de coidados, como ocorre na actualidade na maior parte dos países do mundo. Algo que como sabemos repercute no noso benestar, sitúanos nunha posición subordinada no mercado laboral e fainos dispor de menos tempo libre e de menor independencia persoal. O que, en definitiva, reforza a discriminación social das mulleres.

3. Dereito efectivo á autonomía económica das mulleres e a recibir prestacións sociais e económicas sen que estas queden subordinadas á unidade familiar.

As mulleres realizamos a maior parte do traballo do mundo, pero o noso acceso aos recursos económicos é claramente discriminatorio. Os nosos salarios son inferiores aos dos varóns en todos os países do planeta, non recibimos remuneración algunha polo traballo doméstico e de coidados que realizamos e non somos donas das propiedades existentes na Terra na mesma medida que os varóns. Esta desigual distribución de recursos xera a chamada feminización da pobreza.

Unha forma clara de combater a feminización da pobreza sería instaurar a nivel mundial dereitos directos vinculados coas prestacións sociais e económicas que permitan desen-

volver unha vida digna. A súa base debería ser o acceso universal aos dereitos e aos recursos, quer dicir, que fora suficiente ser residente dun país para ter dereito á cobertura da seguridade social independentemente da súa situación no mercado laboral e na unidade familiar. É preciso garantir a autonomía económica das mulleres como un dereito individual, indistintamente das formas de organización familiar ou de convivencia das persoas. E é preciso tamén redistribuír a riqueza, de forma que homes e mulleres accedan aos recursos de forma igualitaria, en función da súa contribución ao benestar da sociedade.

4. Dereitos económicos para todas as persoas independentemente da súa orixe xeográfica.

Segundo as análises realizadas polo PNUD no seu Informe do Desenvolvemento Humano de 2009, “Se ben a grave falta de datos impide presentar un perfil global e completo dos migrantes, os datos dispoñíbeis revélanos algúns patróns interesantes. As mulleres constitúen aproximadamente a metade (48%) de todos os migrantes, proporción que se mantivo bastante estábel durante os últimos cinco decenios: en 1960, era de 47%. A similitude nas proporcións de xénero da poboación migrante pode ocultar diferencias considerábeis nas circunstancias do movemento e as oportunidades dispoñíbeis. Ao mesmo tempo, cada vez máis estudos poñen en tela de xuízo as visións convencionais sobre o rol subordinado da muller nas decisións sobre migración” (páx. 28).

As faltas de oportunidades que teñen moitas mulleres migrantes nos seus lugares de acollida fai imprescindible un cambio nas normativas de estranxeiría e un recoñecemento da formación no lugar de orixe, así como unhas condicións dignas de traballo no territorio de acollida.

5. Dereito a participar no establecemento e control das políticas públicas orientadas ao benestar das persoas (dereito á saúde, á educación, á vivenda e a unha organización do tempo socialmente sustentábel, entre outros).

As políticas públicas son un instrumento que pode favorecer o benestar das persoas e a redistribución da riqueza. Sen embargo, o modelo de políticas públicas existente no mundo non foron pensadas coa idea de garantir a equidade de xénero. Pola contra, as mulleres acceden en menor medida que os varóns á educación, de feito, ao redor de dous tercios das persoas analfabetas do planeta son mulleres. Así mesmo, as persoas son titulares de importantes dereitos sociais en función da súa posición no mercado de traballo e como dicíamos anteriormente a vinculación laboral das mulleres é menor e as súas condicións de precariedade maiores se as comparamos cos varóns. De aí que o acceso das mulleres aos dereitos sociais derivados do emprego, como as pensións de xubilación, sexa tamén discriminatorio.

A vulnerabilidade social das mulleres acentúase en situacións de crise, xa sexan cíclicas o sistémicas. De feito, os recortes nas políticas sociais, como as da saúde, poden ter consecuencias importantes sobre a poboación, pero particularmente sobre as mulleres, xa que, por un lado, sobre as nosas recae a responsabilidade principal do coidado da familia e é a través do traballo non remunerado como se acostuma cubrir o baldeiro que deixa o estado na asistencia social. E por outro lado, en situacións de crise as mulleres atópanse nunha posición de maior debilidade no mercado laboral.

Desde unha perspectiva de xénero, as institucións públicas deseñadoras das políticas e da rendición de contas, se se consideran democráticas, deberían permitir, que as mulleres, individual e colectivamente, estean representadas nestas institucións e asegurar que quen detente o poder teñan en conta as desigualdades de xénero á hora de elaborar as políticas de benestar e estean obrigados a render contas sobre o seu apoio ao principio de equidade entre os homes e as mulleres nas súas accións públicas. (UNRISD, 2006: 212)

6. Dereito a facer seguimento do nivel de inserción da perspectiva da equidade de xénero na política económica nas súas diversas dimensións.

Habería que facer especial fincapé na actualidade nas análises dos plans de recuperación económica, nos Acordos de Asociación Económica e outros plans que teñen un impacto directo na utilización dos recursos públicos. É moi relevante facer un seguimento crítico das medidas que están tomando os gobernos desde que estallou esta crise a finais de 2007: desde os primeiros plans de rescates masivos a entidades financeiras, ate as últimas propostas de reforma de pensións, pasando polas medidas clásicas de reactivación de corte keynesiano.

Nestes momentos, nos que a única solución posíbel parece ser o crecemento económico, tal vez debamos colocar unha crítica ao “crecemento polo crecemento” e apostar non tanto pola reactivación económica a toda costa como por un maior control da actividade económica para evitar, por exemplo, que se dirixira de novo por sendas especulativas. Esta crise podería ser unha oportunidade para forxar un futuro máis igualitario e sustentábel. Para iso conviría analizar que hai dentro do Produto Interior Bruto (PIB) e que fica fora e pensar como se pode actuar sobre aquelas producións que non se contabilizan no PIB pero que convén ter en conta e convén coidar. Falamos novamente dos traballos domésticos e de coidados que se desenvolven fundamentalmente nos fogares. E habería que pensar tamén que producións das que si se inclúen no PIB convén que crezan e cales conviría que non creceran ou incluso que decreceran, tendo sempre en conta que o obxectivo é aumentar o benestar da maioría da poboación e prestar especial atención ás persoas máis desfavorecidas.

As actuacións a favor dos dereitos económicos das mulleres realizadas ate o momento non foron sistemáticas nin capaces de desafiar ás grandes políticas macroeconómicas. E tal vez neste sentido merezan a pena deterse a reflexionar sobre o tipo de modelo económico e de desenvolvemento que queremos. Isto é, basta con que as mulleres se incorporen ao modelo de desenvolvemento existente ou, polo contrario, debemos impulsar procesos alternativos de desenvolvemento sobre unhas novas bases e, se entendemos que este ese o camiño, cales deberían ser esas bases.





Mulleres en situacións de conflito

Documento elaborado por:
Irantzu Mendia Azkue

O sistema patriarcal é a principal fonte de inseguridade e de vulneración dos dereitos humanos das mulleres. Este sistema establece unha xerarquía social en función da división de xénero que subordina o feminino ao masculino e que se sostén a través de distintos tipos de violencia (directa, estrutural e simbólica). Esta xerarquía de xénero atravesa todas as institucións da sociedade, entre elas o estado, o mercado e o exército, que funcionan por e para os seus obxectivos da asignación diferenciada de roles sociais, económicos e políticos a mulleres e homes.

En situacións de conflito armado, esta división tende a acentuarse. O patriarcado, que vincula dunha forma esencialista ás mulleres coa paz e aos homes coa violencia, fomenta y radicaliza un tipo de masculinidade agresiva para exhortar aos homes a ser combatentes e apela ás mulleres a ser portadoras, coidadoras e garantes da continuidade das seguintes xeracións do grupo, nación ou país. Na maioría dos casos, as alteracións nos roles de xénero que leva consigo un conflito armado implican para as mulleres unha sobrecarga de traballo xa que, ao seu papel como coidadoras, engádese a loita pola supervivencia e o

mantemento da unidade familiar e a asunción de determinadas tarefas e responsabilidades tradicionalmente asignadas aos homes, ademais da súa implicación en actividades políticas e de apoio á comunidade ou colectividade.

Historicamente, os conflitos armados demostraron ser especialmente prexudiciais para as mulleres xa que, pola súa posición na xerarquía de xénero, están máis expostas aos distintos tipos de violencia. A violencia sexual, sobre todo, afecta de maneira desproporcionada ás mulleres debido a a construción social que o patriarcado impón. Esta violencia percibiuse tradicionalmente como resultado inevitábel da guerra e non se contempla o feito de que forma parte dunha estratexia organizada e sistemática que en última instancia busca humillar e exterminar ao inimigo¹. Trátase dunha violencia estendida e recorrente na dinámica bélica que é empregada como arma de guerra e que resulta para as mulleres nunha dobre vulneración dos seus dereitos: por un lado, enfrontan a agresión por parte dos exércitos e os grupos armados e, por outro, enfrontan situacións de marxinação e culpabilización nas súas propias comunidades, o que provoca nelas unha forte estigmatización social, vergoña e medo. En conflitos cun forte compoñente étnico, as mulleres acostuman converterse en obxectivo estratéxico da violencia debido a que recae sobre elas a tarefa de preservar as tradicións, a moral familiar, a cohesión da comunidade e incluso a identidade nacional².

Entre os numerosos impactos da guerra, esta causa tamén a destrución de comunidades e o desprazamento forzado da poboación, maioritariamente de mulleres así como de nenas e nenos. Se ben a situación de desprazamento ou refuxio comporta para as mulleres unha maior exposición ao risco de sufrir violencia, en particular de carácter sexual, é tamén im-

¹ O recoñecemento da violencia sexual como crime de guerra non se produciu ate finais do século XX. A partir dos tribunais *ad hoc* da ex Iugoslavia (1993) e de Ruanda (1995), a violencia sexual comezou a ser considerada como crime de guerra e de lesa humanidade, vinculada a outros delitos como a tortura e o xenocidio. En 1998, o Estatuto de Roma da Corte Penal Internacional foi o primeiro instrumento xurídico internacional nel recóllense expresamente e *per se* como crimes de guerra os “actos de violación, escravitude sexual, prostitución forzada, embarazo forzado, esterilización forzada e calquera outra forma de violencia sexual”.

² Segundo o Informe da Comisión de Esclarecemento Histórico de Guatemala (CEH), durante o conflito armado a gran maioría das violacións sexuais cometéronse contra as mulleres indíxenas, como parte da estratexia contrainsurxente e xenocida do exército. Ver Revista *Diálogos* nº 2, HEGOA y ACSUR-Las Segovias, 2009, disponible en: <http://www.>

portante destacar a súa capacidade para asumir lideranza e desenvolver estratexias de resistencia, organización comunitaria e o sustento da vida nunhas condicións tan extremas canto á inseguridade e a carencia dos recursos máis elementais. Nos procesos de retorno, sen embargo, non acostuma recoñecerse o enorme esforzo realizado polas mulleres, senón que a sociedade exerce sobre elas unha forte presión para a súa volta aos roles máis tradicionais e vinculados exclusivamente á familia e ao fogar.

En relación ás mulleres en situacións de conflito, é importante denunciar non só as formas en que estas son obxecto da violencia senón tamén incorporar á análise a diversidade das súas experiencias, opcións e roles. É estratéxico, polo tanto, non caer nos discursos exclusivamente vitimizantes e tratar de resaltar e atender igualmente á variedade de actividades nas que as mulleres están implicadas durante a guerra³.

En canto que, ao igual que os homes, as mulleres son suxeitas de acción, estas aparecen nos conflitos participando directamente ben como combatentes, xa sexa en exércitos ou en diferentes grupos armados, ou ben nas estruturas de apoio loxístico, social, político e/ou económico do esforzo da guerra. Aínda que en ocasións esta participación enténdese como unha oportunidade de empoderamento e emancipación para as mulleres, débese manter unha postura crítica fronte a esta visión. No marco patriarcal da guerra, a participación directa das mulleres na violencia si pode supoñer cambios nos roles asignados ao xénero masculino e ao feminino, pero isto non implica necesaria nin automaticamente a transformación das estruturas de desigualdade e discriminación das mulleres nin da ideoloxía dominante que as sostén. Máis ben ao contrario, moitas veces as estruturas de poder desiguais vense reforzadas como resultado da guerra, de forma que trala súa finalización é frecuente que as mulleres sexan excluídas dos espazos públicos e forzadas de novo a os roles máis tradicionais, que as mulleres combatentes non sexan recoñecidas nin se beneficien dos incentivos que inclúen os procesos de desmobilización, desarme e reintegración, ou que sexan socialmente sancionadas polo seu incumprimento dos roles femininos.

³ Irantzu Mendiá Azkue, *Aportes sobre el activismo de las mujeres por la paz*. Cuadernos de Trabajo nº 48, HEGOA, 2009, disponible en: http://www.hegoa.ehu.es/es/sensibilizacion/cuadernos_de_trabajo_para_sensibilizacion

Outra das facetas nas que é preciso recoñecer as mulleres é no seu esforzo por opoñerse a todo tipo de violencia e pola súa procura da paz. Neste punto, destaca a capacidade demostrada polas organizacións feministas para identificar as dinámicas patriarcais que están por baixo dos conflitos armados, sinalar os indicios do militarismo que se filtran na vida cotiá e de que forma afecta ás mulleres, ver os efectos diferenciados da guerra en función do xénero, así como establecer análises compartidos e lazos de solidariedade con mulleres en zonas de conflito en todo o mundo.

No ámbito internacional, a Resolución 1325 do Consello de Seguridade das Nacións Unidas sobre *Mulleres, Paz e Seguridade* (2000) significou por primeira vez o recoñecemento internacional explícito do importante labor realizado polas mulleres na resolución de conflitos e na construción da paz a todos os niveles, e por iso, a necesidade da súa maior implicación nas mesas de negociación e en todos os programas e estamentos do sistema de Nacións Unidas vinculados a operacións de paz. Se ben esta resolución, froito dunha loita de moitos anos do movemento de mulleres e feminista, marca un fito importante, os avances na súa implementación están sendo, por un lado, escasos e lentos e, por outro, parecen basearse excesivamente nunha estratexia de incorporación de máis mulleres ás forzas armadas tanto das Nacións Unidas (cascos azuis) como dos estados (en particular, os que integran a OTAN). Esta tendencia é xustamente a oposta á filosofía de moitas organizacións feministas contrarias á guerra, que entenden que a paz debe pasar pola necesaria desmilitarización da sociedade, incluíndo o desmantelamento dos exércitos, precisamente como principal garantía de seguridade para as mulleres e para a sociedade no seu conxunto. Isto supón que, fronte ás nocións tradicionais e dominantes da paz como ausencia de guerra, e da seguridade en referencia exclusiva ao estado, o feminismo contribúe á súa redefinición e aposta por unha paz baseada na ausencia de violencia e unha seguridade centrada nas persoas.

Actualmente, a pesar dos avances na normativa internacional, continúa sendo moi minoritaria a presenza de mulleres nas mesas de negociación de paz así como nos espazos de decisión durante os procesos de reconstrución posbélica, de maneira que os seus intereses, demandas, necesidades e denuncias non están representadas nin nos acordos de paz nin nas sociedades que se van reconstruíndo trala guerra. Da mesma forma, as políticas de axuda para a rehabilitación posbélica tenderon a ignorar a incorporación das necesidades

e os intereses estratéxicos das mulleres, así como a diversidade de formas en que estas foron afectadas polo conflito. Vinculado ao anterior, é importante subliñar que para a maioría das mulleres que viven en zonas afectadas polos conflitos o final das hostilidades non leva consigo unha verdadeira paz, xa que o sistema patriarcal as mantén nunha posición de subordinación que lexitima a súa discriminación e permite a continuación da violencia contra elas. Ante isto, o movemento de mulleres e feminista dos países que pasaron por un conflito armado é quen traballa na denuncia e a prevención desta violencia⁴. Así, existe unha urxente necesidade de apoiar este movemento e recoñecer o seu papel como axente fundamental na reconstrución posbélica.

Un dos principais aportes do feminismo é que a análise da violencia exercida contra as mulleres non pode cingirse a determinados momentos e expresións concretas, senón que é preciso establecer os vínculos entre a violencia directa, as súas manifestacións máis visíbeis, e o compoñente estrutural e cultural da mesma. Trátase, polo tanto, de entender e enfrontar o *continuum* de violencia contra as mulleres durante os conflitos armados pero tamén ao finalizar estes, identificando e abarcando así mesmo a violencia política, económica e social que pasa como socialmente invisible en tempos de “paz”, en gran parte debido á aceptación cultural da xerarquía de xénero⁵.

O feminismo situou a necesidade de despozar a violencia contra as mulleres do carácter de problema privado e persoal para reubicalo no ámbito público como un problema social e político. Desta maneira, denúnciase a expropiación do corpo das mulleres por parte dos homes, xa sexa en contextos de guerra ou de “paz”, expropiación que se expresa de forma sangrante en fenómenos como o feminicidio, a prostitución forzada ou o tráfico

⁴ Ante a violencia de xénero, e para esixir responsabilidade aos estados, existe unha serie de instrumentos xurídicos e mecanismos de protección. No ámbito internacional, pódese destacar a Declaración de Nacións Unidas sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller e o Protocolo Facultativo da Convención sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación Contra a Muller. Entre os sistemas rexionais, é importante a Convención Interamericana para Prever, Sancionare Erradicar a Violencia contra a Muller ou Convención de Belem do Para. Especificamente, en relación á violencia contra as mulleres durante os conflitos armados, destacan as Resolucións 1325 (2000) y 1820 (2008) do Consello de Seguridade de Nacións Unidas, así como a Resolución 2005/2215 do Parlamento Europeo.

⁵ Irantzu Mendiá Azkue, “Aportes sobre el activismo de las mujeres por la paz”. Cuadernos de Trabajo nº 48, HEGOA, 2009, dispoñible en: http://www.hegoa.ehu.es/es/sensibilizacion/cuadernos_de_trabajo_para_sensibilizacion

de mulleres para a súa explotación sexual, así como na impunidade xeneralizada ante estas e outras violacións aos dereitos humanos das mulleres. En particular, o feminicidio “abarca diferentes tipos de violencia contra as mulleres, todas exercidas de forma cruel e como demostración de odio cara as mulleres, que se produce de maneira sistemática nun lugar e tempo determinado, amparado pola impunidade e tolerancia do estado, tendo como resultado nalgunhas ocasións o asasinato brutal das mulleres”⁶. Este fenómeno asóciase sobre todo a lugares como Ciudad Juárez (México) e a varios países centroamericanos (Guatemala, El Salvador), onde as cifras de mulleres asasinadas son moi elevadas. Sen embargo, no Estado español e en outros países occidentais, onde o número de mulleres asasinadas é tamén elevado, custa recoñecer e aplicar este concepto á análises desta realidade, cando en todos os casos, os asasinatos misóxinos de mulleres a mans de homes poderían ser considerados como feminicidios⁷.

Entre as actividades destacadas das mulleres pola paz é tamén preciso subliñar o seu labor, individual e colectivo, na defensa dos dereitos humanos, a procura da xustiza e a recuperación da memoria histórica. Na base deste traballo atópase a loita contra a impunidade, xa que esta propicia a repetición crónica das violacións de dereitos humanos e a total indefensión das vítimas e os seus familiares. Esta loita implica enfrontarse co estado, en moitos casos responsábel da maior parte das violacións aos dereitos humanos durante os conflitos, para que aquel asuma esa responsabilidade, promova as medidas de reparación adecuadas e combata a impunidade por todos os medios legais dispoñíbeis.

Neste proceso, ter en conta a dimensión de xénero significa así mesmo sacar á luz e denunciar a violencia cometida contra as mulleres durante a guerra, demandar xustiza para elas e esixir políticas de reparación⁸, que debe ser non só de carácter individual senón

⁶ Fabiola García Galán, “El rostro de las mujeres en el postconflicto. El caso de Guatemala”, Seminario *Mujeres en situaciones de conflicto: reflexiones en clave feminista*, HEGOA y ACSUR-Las Segovias, 2008, dispoñible en: <http://www.acsur.org>

⁷ Ver documento base da terceira fase da Campaña “Sin mujeres no es Democracia”, ACSUR-Las Segovias, Convenio de Género en Centroamérica, dispoñible en: <http://www.acsur.org>

⁸ Por parte das organizacións de mulleres e feministas, cada vez son máis numerosas as accións políticas levadas a cabo neste sentido. Un exemplo significativo é o Tribunal de Conciencia Contra as Violacións Sexuais cara as Mulleres durante o Conflito Armado en Guatemala, celebrado en marzo de 2010.

apuntar tamén á transformación das desigualdades estruturais que inflúen negativamente na vida das mulleres e nenas. Para elas, romper coa impunidade significa romper o *continuum* de violencia que enfrontan, tanto na guerra como na posguerra. Sen embargo, a tendencia nos programas de axuda internacional destinados á reconstrución poñen a énfase sobre todo naqueles aspectos político-institucionais máis vinculados á “governabilidade” e a “democratización”, e relegan a un segundo plano a incidencia para promover e dar seguimento ao cumprimento dos dereitos económicos e sociais da poboación, e en particular das mulleres.

A recuperación da memoria histórica é tamén parte do traballo de construción da paz protagonizado polas mulleres, encamiñado ao esclarecemento da verdade e á necesaria dignificación das vítimas. Trátase dunha tarefa ardua que supón desmontar as deturpacións da historia oficial, superar medos interiorizados e romper silencios obrigados durante moitos anos. Un bo exemplo diso é o caso español, onde o franquismo impuxo unha versión oficial da guerra civil (1936-1939) e dos subseguintes corenta anos de ditadura que tratou de ocultar e borrar da memoria colectiva as graves vulneracións aos dereitos humanos cometidas contra a poboación. No que se refire ás mulleres, en particular, no é casual que non haxa a penas datos sobre as que foron asasinadas, desaparecidas, detidas, violadas, etc.⁹. Por iso, é tamén responsabilidade do feminismo rescatar a memoria desde as mulleres, para velas, recoñecer o seu sufrimento e os seus aportes, buscar xustiza e reparar o dano na medida do posíbel.

⁹ Ver Ander León, “Las “débiles mentales” del franquismo”, Revista *Diálogos* nº 2, HEGOA y ACSUR-Las Segovias, 2009, disponible en: <http://www.bantaba.ehu.es/obs/ocont/obsgen/doc/dialogos2/>





Incidencia política e participación cidadá das mulleres

Documento elaborado por:

Begoña Zabala, Silvia Carrizo, Justa Montero, Elisabet Padial

No comezo do século XXI podemos dicir con bastante claridade e non pouca frustración que a participación política das mulleres, a que discorre polas liñas institucionais do sistema democrático, aínda con diferenzas segundo se trate da presenza en institucións locais ou en Parlamentos, segue sendo en xeral reducida, sen que se corresponda coa activa participación política das mulleres a outros niveles nin coa demanda de maior presenza que moitas organizacións formulan . Sobre todo non é representativa das diferentes realidades das mulleres, nin dos seus intereses máis específicos. Non se plasma nesta representación e participación a rica e variada achega que se realizou desde os combativos movementos feministas e de mulleres de todas as partes do mundo. A batalla importante e esencial da nosa axenda política no ámbito institucional, no campo da representación e participación política, é conseguir que cheguen ate estes espazos as demandas do movemento feminista máis xenuíno, é dicir, do movemento autónomo, que estas adquiren presenza propia e, deste modo, que as políticas públicas as recollan e sexan polo tanto políticas que incidan nas desigualdades e discriminacións e nun cambio real das condicións

de vida das mulleres. A día de hoxe é evidente que, dentro da reducida presenza das mulleres nos sinalados espazos institucionais, prodúcese unha hiper-representación do feminismo institucional ou oficial, que en termos políticos non é outro que o feminismo liberal. Isto é parte do resultado das loitas -de fotografía?- pola paridade.

Sen embargo, non toda a participación política se constrinxe ao estreito e marcado mundo institucional. Valoramos, e non en pouco, a alta participación de millóns de mulleres nos diferentes movementos, que recorren o noso ancho mundo. De Sur a Norte unha nova e enérxica mobilización e participación das mulleres puxo na picota, desde moitos ángulos da crítica, o sistema de dominación patriarcal. Tamén se enfrenta con gran audacia e valor ao sistema neoliberal que trata ás persoas como mercadorías e obtén avultados beneficios da marxinación e explotación de millóns de seres humanos, especificamente das mulleres. É por isto que sorprende máis o deficitario eco que teñen estas demandas e loitas nos campos institucionais. Non se corresponde tanta mobilización e avance no mundo organizativo das mulleres, coa reducida repercusión destes programas nos ámbitos públicos do poder institucional.

E é que, efectivamente, non basta con encher de palabras de igualdade os quefaceres políticos, se á vez non se da entrada, coa súa propia voz e existencia, a quen son as protagonistas. Unha tarefa importante agora é completar a axenda de participación política das mulleres, individual e colectivamente.

Mirando ás mulleres dos países do Sur e debido aos obstáculos para participar en política, a participación social das mulleres dáse en espazos onde contribúen a resolver necesidades inmediatas do fogar e a comunidade. As mulleres acostuman iniciar o proceso de participación no espazo privado e despois no comunitario, organízanse nestes espazos para poder incidir desde o comunitario cara o local e nacional, para buscar solucións a problemas da comunidade, mellorar as súas condicións de vida... e responden a necesidades tanto prácticas como estratéxicas.

A partir da participación das mulleres no nivel comunitario, xorde nalgunhas mulleres a motivación de participar en cargos públicos de elección popular. Esta saída das mulleres

dos espazos de organización comunal realízase a pesar do peso da cultura machista que tende a manter á muller no ámbito privado.

Os dereitos e deberes políticos das mulleres son de recente adquisición, pero carecen do pleno exercicio xa que se as limita permanentemente a exercer a súa cidadanía segundo a súa condición e posición de discriminación. A incidencia política das mulleres, como acción colectiva necesita ser lexitimada e alimentarse de alianzas, consensos e participacións desde diferentes espazos e implica unha relación e interacción permanente entre a sociedade civil e o estado. Ademais, suscita un exercicio de democracia real, onde se promova unha cultura política máis transparente que transforme as relacións de poder entre as institucións do estado e a cidadanía cara un modelo máis democrático. Desta maneira optase por unha transformación política que garanta os dereitos plenos de todas as persoas, comprendendo a cidadanía desde unha perspectiva de xénero e propiciando que as mulleres estean presentes e con voz propia nos espazos de negociación e toma de decisión política. Nunha palabra, o que se presenta é a adquisición da categoría de suxeito de dereitos, como mulleres, y tamén como suxeito colectivo de interlocución e acción, correlativa á tarefa dos movementos feministas nas loitas e mobilizacións sociais.

A falta de consideración das mulleres como suxeitos de dereito, e como cidadás, funde a súas raíces na construción parcial dun suxeito ilustrado que é, preferentemente, un varón, súbdito do Estado- nación, con capacidade de participación política, cabeza de familia, situado no mercado laboral regulado. Paralelamente construíuse o suxeito muller, que é o reverso da imaxe sinalada, especialmente situada no mundo privado da relación familiar, onde a actividade que realiza non se considera para os intereses económicos, nin tampouco deriva prestacións sociais ou leva consigo dereitos de protección social. Isto loxicamente faise a costa da situación das mulleres, que pasan a ser suxeitos dependentes dos “seus” varóns. E isto non se produce unicamente polos mecanismos de subordinación económica do sistema neoliberal, senón tamén polos poderosísimos instrumentos de dominación de carácter xurídico, relixioso, moral, social e simbólico, que de forma distinta segundo as tradicións culturais e ideolóxicas, exclúen e expulsan as mulleres dos espazos sociais. Como resultado desta exclusión, as mulleres e os seus intereses poden quedar desatendidos na elaboración das leis, na elaboración e planificación das políticas públicas,

e en diversas decisións que lles afectan, por exemplo, en relación á violencia de xénero.

Así pódese sinalar que se construíu unha cidadanía masculina que se erixe sobre a negación da mesma ás mulleres. Cando estas son tidas en conta, de forma subordinada, privilexiase o espazo privado, a súa falta de autonomía, a súa incapacidade para a xestión, o seu estado civil relacionado coa dependencia no ámbito do fogar e sobre todo, a súa actividade constante de coidados e atención ás demais persoas, que nunca será tido en conta nos grandes números das economías.

A experiencia vital das mulleres, tanto na súa vertente individual como colectiva, foi e é distinta á dos homes. As unidades familiares foron condicionadas e condicionan moito as articulacións ou organizacións sociais das mulleres, tenderon a illalas e dificultaron, polo tanto, o desenvolvemento dunha conciencia colectiva sobre os seus dereitos. A cultura política imperante non as tivo en conta, nin lles posibilitou introducirse nesta confusa selva de normas e hábitos, de regras feitas por e para os homes.

Neste punto precisamente, e a pesar do sinalado, debe deixarse moi claro, que a situación de subordinación das mulleres, ou de exclusión dos espazos de poder ou representación, non teñen nada que ver coa consideración subxectiva destas como suxeitos con actitude pasiva ante a vida e submisas nas relacións sociais ou como vítimas permanentes dunha situación de inxustiza, o que lles abocaría a ter que ser representadas e reinterpretadas en todo momento por voces alleas e distintas. Non leva consigo de ningunha forma, a atribución do papel de submisas, conformes, non loitadoras,... e un longo etcétera que a miúdo subliña e leva a escena a imaxe das mulleres. Estase fotografando unha situación obxectiva de discriminación e opresión que non caracteriza para nada as actitudes das mulleres. Incluso é esa situación de exclusión a que está posibilitando que opoñan forte resistencia a asumir os roles asignados e a acatar os mandatos de xénero.

Que pasa nas democracias occidentais nas que vivimos? Existe unha igualdade de dereitos no marco xurídico, que non se leva á práctica de forma efectiva, e, ademais, atopámonos cun grupo de persoas ás que as normas xurídicas, aprobadas nas pautas formais da democracia imperante dos países occidentais –neste caso a Unión Europea– negan o de-

reito á cidadanía, e son centos de miles de persoas. Ocorre que as persoas poden sentir-se parte dunha comunidade global, poden facer o exercicio de participar e reivindicar dereitos dentro de movementos internacionais, e incluso locais, en calquera lugar do mundo, e á vez, poden ter negados os mesmos dereitos dentro do Estado- nación no que viven.

Contraditoriamente co sinalado existe unha forte tensión para que se estendan estes dereitos a todas as persoas. A universalización dos dereitos e a súa aplicación a todas as persoas, se ben pode levar consigo unha igualación entre todas as persoas, inevitablemente aparelha a exclusión de moitos grupos, e especialmente das mulleres. Así, empréganse os dereitos –os considerados fundamentais polas nosas democracias e a nosa cultura- como arma arroxadiza para conceder certificados de calidade igualitaria e democrática ás diferentes culturas, tradicións e ideoloxías. As situacións de subordinación insoportábel que sofren millóns de mulleres, por exemplo, en países baixo leis musulmanas, chegan ate xustificar que o imperialismo os invada a sangue e fogo e cause máis mortes e peores situacións de opresión que as que din tratar de eliminar. Estamos de novo ante un sagrado dereito de conquista, neste caso, non por motivos relixiosos, senón desta nova relixión que son as democracias occidentais?

Así pódese observar que os principios de igualdade e de universalidade dos dereitos, estanse convertendo nunha trampa permanente, que lonxe de avanzar na extensión dos dereitos ás mulleres que proveñen de outras culturas, as estigmatizan por mor das súas tradicións culturais.

Mirando cara diante e cara o noso quefacer diario estámonos dotando xa de instrumentos para a axenda coa que queremos intervir, pois existe a necesidade urxente de establecer prioridades nas axendas amplas, adaptar novos estilos de traballo, ser máis creativas na formulación de estratexias e aplicar novas metodoloxías de traballo en rede.

Retomar novamente a consigna “o persoal é político” na súa concepción de política máis alá da convencional, incluíndo un compoñente mobilizador, cara a acción, aparecénsenos como un paso importante para incidir e participar nas políticas públicas. O reto, que non

é exclusivo das mulleres, consiste en transformar e ser capaz de formular a súa experiencia persoal e colectiva en política. Trátase de conceptualizar, ampliar, razoar as experiencias das mulleres e relacionalas coas causas e condicionamentos colectivos, co resto de variábeis que causan desigualdade e discriminación na comunidade e o municipio, como a etnicidade, a idade, a clase social, etc..

A construción da identidade colectiva “nosoutras”, reconstruíndo ás mulleres como participantes activas e como constitutivas dun suxeito político potente, que á vez retoma varias identidades e nos re- sitúa nun suxeito mestizo, variado, diverso, plural, que entroniza coas distintas diferenzas de clase, etnia, identidade sexual, nacionalidade... preséntase como unha tarefa da máxima urxencia. A motivación para a participación non como unha variábel individual, senón que se constrúe en interacción coas demais, a través de redes onde a identidade colectiva feminista sexa valorada como incentivo para a acción.

Queremos actualizar o importante papel do movemento de mulleres e feministas nos procesos de recuperación da memoria histórica, vendo o traballo e as contribucións das mesmas aos procesos de transición e avance cara á democratización dos países.

A incidencia política como acción colectiva precisa para a súa propia lexitimación da diversidade de espazos, presenza e voces xa que é un traballo de alianzas, consensos e participacións diversas (organizacións de cooperación para o desenvolvemento, organizacións mixtas, sindicatos, partidos políticos, institucións públicas, institutos de investigación, etc.), ben a través de accións puntuais ou estratexias a longo prazo, para producir cambios estruturais e superar a situación de desigualdade.

Entre estes actores cobra especial relevancia a participación da poboación inmigrante como suxeito de dereitos. É preciso incluír ás asociacións de mulleres inmigrantes nas accións de sensibilización das organizacións, así como a participación plena destas e en igualdade de condicións en calquera estratexia de incidencia e participación cidadá a desenvolver desde o inicio das mesmas.

Resulta imprescindible recoñecer como procesos políticos as diferentes formas en que as mulleres se organizan, así como os diversos temas en torno aos cales se mobilizan (parti-

cularmente a nivel local), creándose espazos institucionais para dar voz aos intereses de xénero. Tamén son necesarias as alianzas a nivel interno, do propio movemento feminista ou de mulleres, coidando as relacións e a comunicación das redes de mulleres e avanzando cara o diálogo interno como vía de superación. É importante non só traballar en alianza con diferentes sectores afíns, senón tamén utilizar os instrumentos e habilidades de outros sectores para os nosos propios fins (p.e. instrumentos de dereito internacional e penal como os informes sombra), para dar seguimento a normativas específicas por parte das organizacións ante as institucións de cada un dos nosos estados.



Experiencias transformadoras: Dereitos económicos das mulleres



Rede Latinoamericana de Mulleres Transformando a Economía (REMTE)



A Rede Latinoamericana de Mulleres Transformando a Economía constituíse en 1997, co obxectivo de contribuír á apropiación crítica da economía por parte das mulleres, a través da xeración de ideas, debates, accións e iniciativas políticas. Actúa desde unha perspectiva feminista para denunciar a relación entre o modelo económico e a militarización, e impulsar a integración social e económica entre os pobos.

A transformación da economía é o obxectivo principal desta Rede que parte dunha intervención plural, tendo en conta que está formada por colectivos de 10 países: Bolivia, Brasil, Chile, Colombia, Costa Rica, Ecuador, El Salvador, México, Perú e Venezuela, e que nestes conflúen mulleres urbanas e rurais, organizacións de base, ONG e académicas involucradas na construción do movemento feminista.

É importante destacar que a REMTE participa nas loitas permanentes contra a Área de Libre Comercio das Américas, os Tratados de Libre Comercio e a Organización Mundial do Comer-

cio, e posicionase polo non pago da débeda externa dos países empobrecidos xunto con Plataformas nas que participa, como a Marcha Mundial das Mulleres, o Foro Social Mundial, a Asemblea de Movements Sociais, o Comité de Mulleres da Alianza Social Continental e a Minga Informativa dos Movements Sociais.

A REMTE traballa para lograr os seguintes obxectivos:

- Elaborar propostas de cambio global e de resistencia ao modelo neoliberal desde a perspectiva feminista.
- Afirmar ás mulleres como actores económicos, facendo visíbeis os seus múltiples aportes así como as dinámicas de desigualdade e discriminación que é preciso cambiar.
- Fortalecer o coñecemento, a análise e a formación feminista.
- Desenvolver análises sobre as realidades e as políticas económicas e as súas conexións coa vida e os dereitos das mulleres.

- Difundir e debater a teoría económica feminista como discurso crítico alimentado por una pluralidade de experiencias e visións.
- Impulsar campañas ou iniciativas temáticas co común denominador da xustiza económica e a xustiza de xénero.
- Fortalecer ás mulleres como protagonistas das loitas sociais, tanto nos espazos de mulleres como nos mixtos.

Máis información en:
<http://movimientos.org/remte/>

Mulleres campesiñas e do medio rural



Esta iniciativa xorde dun encontro organizado pola Confederación de Mulleres do Mundo Rural, CERES, en colaboración coa área de mulleres da Coordinadora de Organizacions Agrarias e Gandeiras (COAG), as mulleres de COAG de Estremadura e a Coordinadora Europea Vía Campesina (CEVC).

En abril de 2010 no marco do Encontro de mulleres campesiñas europeas organizado para definir o papel que desexaban ter na actividade agraria e o desenvolvemento rural, conclúse nun documento titulado “Campesiñas polos nosos dereitos” que contiñan as seguintes reivindicacións:

1. A efectiva consecución da titularidade compartida das explotacións, xa que existen moitas dificultades para facer efectivo este dereito.
2. A garantía dunha cotización á Seguridade Social por parte das campesiñas. Tendo en conta que a maioría das familias campesiñas non se poden permitir a contribución á Seguridade Social para dúas persoas, e son as mulleres as que quedan privadas desta cobertura.
3. A valorización do traballo produtivo das mulleres, ao que se lle engade o reprodutivo con gran peso, especialmente no medio rural por falta de servizos e recursos sociais e para o coidado.
4. A creación de espazos e canles de participación na toma e execución de decisións, fortemente vinculada á visualización das mulleres campesiñas.
5. A loita por un sistema produtivo alimentario realizado por persoas e para as persoas, xa que o modelo industrial de produción agraria neoliberal e patriarcal no representa ás mulleres, destrúe os proxectos de produción agraria e reserva para as campesiñas postos de traballo cada vez máis precarios.
6. O recoñecemento oportuno das mulleres campesiñas, unha vez identificada a discriminación da opinión destas como unha

forma máis de violencia contra as mesmas.

Máis información en:

http://www.ceres.org.es/documentos_infogeneral.php?documento=infogen/documentos/aperturacaceres.pdf

COAG: <http://www.coag.org/>

CERES:
<http://www.ceres.org.es/quienessomos.php>

Vía Campesiña:
<http://www.viacampesina.org/sp/>

Mesoamericanas en Resistencia por unha Vida Digna



É unha rede de mulleres mesoamericanas articuladas nun espazo político, diverso, autónomo e formativo en resistencia fronte á política neoliberal globalizadora e o sistema patriarcal, definindo estratexias e propostas que fortalezan e garantan procesos políticos, económicos, sociais e culturais incluíntes, xustos e sustentábeis que permitan o exercicio e goce dos dereitos humanos das mulleres.

A Rede está conformada por organizacións feministas de países como México, Guatemala, El Salvador ou Costa Rica, que traballan desde o prisma da economía feminista e articulan campañas contra o modelo de mercado vixente en Mesoamérica e as graves consecuencias que teñen medidas como a imposición dos Tratados de Libre Comercio (TLC), entre outras. Desde a Rede, realizáronse accións formativas orientadas a fundamentar e facer crecer a resistencia das mulleres organizadas ante este tipo de políticas que afectan aos dereitos económicos das mesmas, dunha forma flagrante.

Entre os obxectivos da Rede podemos rescatar os seguintes:

- Compartir información sobre as estratexias das Mesoamericanas en Resistencia por unha Vida Digna, a conxuntura de loita contra a aprobación do T L C e as axendas locais, de maneira que se fortaleza o vínculo orgánico entre as organizacións participantes.
- Reflexionar colectivamente sobre os puntos de coincidencia e/ou diverxencia das axendas locais e das Mesoamericanas.
- Informar ás mulleres sobre as accións realizadas contra o T L C e brindar argumentos para fundamentar a súa oposición.

E entre as súas reivindicacións, destácanse:

- Esixir a non ratificación, nos parlamentos de cada un dos países centroamericanos, do Tratado de Libre de Comercio con Estados Unidos (C A F T A, polas súas siglas en

inglés) e Europa, polo seu impacto negativo e porque fomenta o sexismo, o racismo, a exclusión e o terrorismo contra as mulleres e recarga o seu traballo reprodutivo.

- Esixir a non privatización dos recursos naturais e dos servizos básicos (saúde, auga e educación) que aumenta a feminización da pobreza.
- Promover a iniciación de medidas que garantan o acceso universal para as mulleres aos servizos básicos e á terra e un medio ambiente saudábel para acceder a unha vida digna.
- Rexeitar a militarización e os fundamentalismos relixiosos que xeran e incrementan a violencia dirixida cara as mulleres.
- Pronunciarse contra a exclusión das mulleres indíxenas e afrodescendentes, con capacidades diferentes, lesbianas e bisexuais; traballadoras do sexo e mulleres vivindo con SIDA.
- Esixir o recoñecemento dos pobos indíxenas e o respecto á súa identidade cultural, ao seu territorio e biodiversidade (propiedade lexítima dos pobos).
- Esixir que se declare a Mesoamérica como unha Zona de Desastre Humanitario a causa

do feminicidio. Así mesmo, que o movemento social retome como prioridade da súa axenda a defensa da vida das mulleres.

Más información en:

<http://mesoamericanas.blogspot.com/>

Asociación de Mulleres Traballadoras do Fogar de Bizkaia. Etxe barrukoak (ATH/ELE)

ASOCIACIÓN DE TRABAJADORAS DE HOGAR

ATH·ELE

ETXE LANGILEEN ELKARTEA

Etxebarrukoak, Asociación de Mulleres Traballadoras do Fogar de Bizkaia, é unha asociación, xa consolidada no ámbito da loita polos dereitos das traballadoras do fogar, que a partir do ano 1985 comezase a organizar para denunciar un decreto, aínda vixente, que regula inxustamente a situación laboral das empregadas de fogar e que non recolle as reivindicacións das propias empregadas domésticas.

A partir de 1986, crearon a Asociación co obxectivo de esixir un cambio legislativo para conseguir a garantía dunhas condicións dignas de traballo equiparando o traballo doméstico a calquera outro recoñecido no Réxime Xeral da Seguridade Social.

Actualmente contan cunha serie de esixencias coas que formulan medidas concretas que se poidan recoller nunha normativa xusta. Desta maneira propoñen unha Lei que recolla os seguintes dereitos:

- Contrato escrito de traballo.

- Unha xornada máxima de 40 horas semanais.
- En traballos de coidado nocturno, unha xornada máxima entre as 21 e as 8 horas, non máis de cinco días semanais.
- Un salario de acordo coas tarefas realizadas e, como mínimo, do 120% do salario mínimo, para 40 horas.
- Prohibición de descontos por manutención e aloxamento ás internas e que, para as externas, os descontos deban acordarse por escrito, distinguindo canto por cada concepto e sen poder pactar unha porcentaxe do salario.
- Descanso de día e medio á semana.
- Indemnización por cese igual que no resto dos sectores.

En canto á Seguridade Social, esixen as seguintes medidas:

- Alta na Seguridade Social desde a primeira hora de traballo.
- Obriga de cotizar repartida sempre entre empregadores e traballadora.
- Recoñecemento do accidente de traballo.
- Tratamento das baixas por enfermidade e accidente igual que no réxime xeral.
- Prestación por desemprego.

Contan cun servizo gratuíto de asesoría legal co fin de informar ás traballadoras de cales son os seus dereitos e a forma de reclamálos. E ademais de impulsar campañas propias, a ATH/ELE apoia varias campañas lideradas conxuntamente con outros grupos que tamén teñen como obxectivo a defensa dos dereitos das traballadoras do fogar. O propósito da colaboración con estes grupos é unir forzas para denunciar a inxusta realidade normativa que regula o emprego doméstico e esixir que se cumpran uns dereitos laborais que historicamente foron denegados ás traballadoras do fogar.

Máis información en:
<http://www.ath-ele.com/>

Experiencias transformadoras: Mulleres en situaciones de conflicto



Asociación Amismaxaj



Esta asociación, integrada por mulleres de entre 11 e 65 anos, propónse fortalecer a participación política das mulleres das comunidades de Santa María Xalapán Jalapa (Guatemala), para mellorar as relacións desiguais de poder entre homes e mulleres e a calidade de vida das mulleres desde o privado, o íntimo, e o público, traballando propostas desde o económico, cultural, social e político.

Organízanse para construír novas relacións entre mulleres baseadas no respecto e o recoñecemento de diversidade, e con iso promover procesos de acción política para a transformación da súa realidade como mulleres xincas.

Traballan diversos eixes como participación política e liderado das mulleres, non discriminación e racismo contra as mulleres e alternativas económicas das mulleres, a través de formación, capacitación, incidencia política e fortalecemento de identidade xinca, o que inclúe a defensa dos bens naturais.

Desde o 2008 veñen realizando accións de denuncia e incidencia fronte á explotación minei-

ra, petroléira e das hidroeléctricas de diversas multinacionais nos seus territorios. Traballan a problemática dos desprazamentos, violacións de dereitos humanos e históricos cometidas contra os pobos indíxenas, incidindo especificamente nas ameazas e violacións sufridas polas mulleres e lideresas das comunidades xincas.

Denuncian:

1. Que actualmente en Jalapa outorgáronse 24 licenzas de exploración, explotación petroléira e mineira, o cal constitúe unha grave ofensa ao dereito de libre autodeterminación dos pobos indíxenas, ao non ter sido consultados para a súa aprobación e operación.
2. Que hai manifestacións de intimidación e ameazas na montaña e no departamento de Jalapa por parte de aliados e políticos partidistas sobre os líderes sociais, relixiosos, lideresas e autoridades indíxenas, ao terse posto en contra de toda forma de opresión cara o seu pobo e aos intereses de enriquecemento ilícito a través das licenzas mineiras outorgadas.

3. Que deputados do departamento de Jalapa forman parte da Presidencia da Comisión de Ambiente, Ecoloxía e Recursos Naturais do Congreso Nacional da República, o que indica que existen intereses para outorgar licenzas mineiras.

Demandan:

1. Ás autoridades departamentais que respecten a autonomía organizativa e ancestral do dereito de consulta aos pobos indíxenas a fin de non tomar decisións que van en contra dos seus dereitos colectivos.
2. Que se respecten os Acordos, Leis, Convenios e Tratados que foron asinados no país por parte do Estado a favor da autonomía dos pobos indíxenas.
3. O respecto ás súas decisións comunitarias que definen para a acción política na montaña.
4. Que se garanta a seguridade nas comunidades despois de que varias mulleres recibiron ameazas por haber promovido o exercicio consciente e transparente do dereito a votar entre as mulleres (2003) e por organizarse para tratar o tema da minería e dos cultivos de millo transxénico (2009).

Nunha carta dirixida ao Relator Especial da ONU sobre a situación dos Dereitos Humanos e liberdades fundamentais dos indíxenas, visualizan a situación de desvantaxe e a opresión das mulle-

res nas constantes políticas neoliberais de saqueo:

“Somos un dos dous pobos orixinarios asentados milenariamente no territorio guatemalteco. Xunto ao Pobo Maia, o Pobo Xinka é un pobo orixinario cuxa cosmovisión, idioma, territorialidade, goberno e organización comunitaria é diferenciada, as súas orixes hoxe para a antroploxía occidental son descoñecidas, o seu idioma case en extinción, nin unha soa política pública deseñada desde e para o noso pobo, a partida orzamentaria do Estado non contempla unha liña específica e equitativa para fortalecer e revitalizar a nosa identidade, educación, saúde, menos se se fala da situación e condición das mulleres indíxenas xinkas, quen estamos nunha situación aínda máis crítica de desvantaxe histórica pola opresión patriarcal e empobrecemento sistemático. Hoxe somos un pobo en situación de desvantaxe histórica ante a actual sociedade, onde as políticas neoliberais afectan e agudizan o noso empobrecemento co novo sistema de neo saqueo dos nosos bens naturais co despoxo da terra.”

Contacto: amismaxaj@yahoo.es

Proxecto Esperanza



O Proxecto Esperanza é un traballo levado a cabo pola Congregación de Relixiosas Adoratrices para visualizar, sensibilizar e incidir ante a problemática da trata de mulleres no Estado español. Desde 1999 desenvolven un programa de apoio integral para mulleres vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación, principalmente na prostitución, e tamén en matrimonios servís, no traballo doméstico, traballos forzados ou outros en condicións de escravitude.

O proxecto conta cun equipo multidisciplinar de profesionais que considera a trata de persoas unha violación dos dereitos humanos. O equipo confórmano avogadas, educadoras, traballadoras sociais, mediadoras interculturais, psicólogas, etc.

Así mesmo, colaboran estreitamente con outras organizacións da Rede Española Contra a Trata de Persoas www.redconlatrata.org e da Alianza Global contra a Trata de Mulleres (GAATW) www.gaatw.org

No contexto do recente proceso de adaptación da normativa estatal española á normativa europea e internacional en materia de Trata de persoas cun enfoque de dereitos humanos, o goberno español aprobou o Plan Integral contra a Trata de seres humanos con fins de explotación sexual (12 de decembro de 2008) e ratificou o Convenio Europeo sobre a loita contra a Trata de seres humanos (abril de 2009), que entrou en vigor en agosto de 2009. Nese sentido desde proxecto Esperanza e no marco da GAATW reivíndícase:

- Acceso a unha protección efectiva das vítimas, que aínda é moi deficiente.
- Finalizar a modificación e iniciar leis que permitan a protección das vítimas e a obtención dun permiso de residencia e traballo sen necesidade de denuncia ou colaboración coas autoridades, tal e como establece o Convenio do Consello de Europa.

- Incorporar no Plan contra a Trata medidas e protocolos relativos á identificación das vítimas xa que é a única forma para poder ser identificadas e polo tanto acceder aos seus dereitos e á protección.
- A aplicación efectiva dun enfoque que prime a protección dos dereitos humanos das vítimas por encima de cuestións relacionadas co control migratorio, orden público, e persecución de redes organizadas mafiosas.
- Recursos e medios económicos, técnicos e humanos cualificados e suficientes, así como unha rede de atención e protección ás vítimas en todo o territorio nacional.
- A aplicación das medidas de protección e atención previstas no Plan a persoas comunitarias, que actualmente están excluídas.
- A inclusión de outras formas de Trata de persoas, recollidas no marco xurídico internacional como a Trata para matrimonios forzosos, traballos forzosos, etc.

Máis información:

www.proyectoesperanza.org/nuevaweb/

Observatorio Xénero, Democracia e Dereitos Humanos



Observatorio
Género Democracia
Derechos Humanos
OGDDHH

O observatorio Xénero, Democracia e Dereitos Humanos (OGDDHH) é o resultado das aprendizaxes dun equipo de traballo que leva máis de dez anos loitando pola restitución dos dereitos das mulleres e as mozas en situación de conflito armado, ao interior de territorios afectados pola guerra en Colombia. O obxectivo deste observatorio é a visibilización das violacións sistemáticas dos dereitos das mulleres en situación de desprazamento no marco do conflito interno armado en Colombia.

A Axenda de Xustiza de Xénero é a aposta fundamental do observatorio. Pretende a restitución do dereito á xustiza das mulleres da Liga de Mulleres Desprazadas vítimas de delito de desprazamento forzado, particularmente dos crimes de Violencia Sexual Baseada no Xénero (VSBG).

Alguns logros do observatorio en relación ao tratamento na investigación dos crimes de

lesa humanidade cometidos contra as mulleres en Colombia son:

1. Que a Fiscalía Xeral considere o caso da Liga de Mulleres Desprazadas como un caso emblemático, que está sendo manexado directamente pola Dirección Nacional de Fiscalías e a Unidade Nacional de Dereitos Humanos e Dereito Internacional Humanitario.
2. A identificación de crimes non contidos no Código Penal colombiano perpetrados contra mulleres colombianas vítimas do conflito.
3. O acompañamento psicolóxico das vítimas durante o proceso de testificación.
4. A presentación ante a sociedade civil dos avances na xudicialización dos crimes de violencia sexual baseada no xénero.

5. A entrega de información sistematizada de 144 testemuños de mulleres vítimas do desprazamento forzado.
6. A entrega de información de 16 testemuños sobre violencia sexual baseada en xénero á Fiscalía.
7. Formular recomendacións sobre o tema de violencia sexual baseada en xénero e desprazamento ao Senado da República de Colombia en dúas Audiencias públicas.
8. O apoio de axencias de Nacións Unidas.
9. A intervención directa na Corte Constitucional colombiana para lograr medidas de protección (Auto 200 4) para as mulleres vítimas do crime de desprazamento forzado, e o redeseño de toda a política de protección a mulleres líderes que sofren desprazamento forzado, entre elas ás mulleres da Liga de Mulleres Desprazadas.

Máis información en:
www.observatoriogenero.org

Asociación de Investigación e Especialización sobre Temas Iberoamericanos (AIETI)



AIETI é unha organización que, en corresponsabilidade cos seus socios e socias locais, contribúe a construír sociedades interdependentes, xustas, solidarias e participativas, promovendo procesos de desenvolvemento local e rexional, comprometéndose na loita contra a pobreza, o fortalecemento da cidadanía, a democracia con equidade de xénero, desde as capacidades e potencialidades das culturas locais.

Desde hai máis de 25 anos, AIETI desenvolveu traballos de investigación, consultaría, unha editorial, unha institución de formación e unha ONGD, conseguindo crear unha rede latinoamericana de relacións e cooperación con importantes contrapartes latinoamericanas.

Con motivo da celebración do VI Cumio entre a Unión Europea e os países de América Latina e o Caribe que tivo lugar en Madrid del 17 ao 18 de maio de 2010, AIETI organizou unhas xornadas sobre feminicidio en Latinoamérica nas que participaron diversas organizacións e

deu como resultado un comunicado que consideraba que a violencia contra as mulleres en América Latina é un problema rexional, que non respecta fronteiras xeográficas, económicas ou sociais, e que nun contexto de discriminación, pobreza e impunidade está tomando formas cada vez máis extremas.

Demandaron a todos os países que participaron no VI Cumio as seguintes cuestións:

- A adopción inmediata na axenda do VI Cumio dun acordo de mínimos que inclúa de maneira transversal e específica todo o relativo á equidade de xénero, destinado á eliminación da violencia contra as mulleres en todas as súas formas e manifestacións, e dun modo especial, do feminicidio.
- Sensibilizar á administración pública e á poboación en xeral, en Europa e en América Latina, sobre prevención, visualización e denuncia da violencia de xénero, a través dunha estratexia integral de comunicación que inclúa unha guía de boas prácticas.

- A asignación e fiscalización de recursos económicos específicos para a iniciación efectiva das accións destinadas a erradicar, prever e sancionar a violencia contra as mulleres, e en especial os feminicidios.
- A creación e iniciación dun protocolo de alerta de xénero que condene e sancione aos países que incumpran os acordos internacionais relativos á materia.
- O cumprimento efectivo de todos os compromisos internacionais, así como da xurisprudencia aplicábel relativa ás violacións dos dereitos humanos das mulleres e da súa reparación.
- A ratificación do Estatuto de Roma da Corte Penal Internacional por parte dos estados que non o teñan feito.
- Tipificar o delito de feminicidio a nivel internacional por medio de instrumentos vinculantes.

Máis información: www.aieti.es

Experiencias transformadoras: Incidencia política e participación cidadá das mulleres



Marcha Mundial de Mulleres



A Marcha Mundial das Mulleres é un movemento internacional de accións feministas que reúne a grupos e organizacións de base dos cinco continentes, que obran para eliminar as causas que orixinan a pobreza e a violencia cara ás mulleres. Traballa especialmente sobre os temas seguintes: paz e desmilitarización, tráfico sexual, dereito das lesbianas, alternativas económicas feministas, alianzas, mundialización e comunicacións.

Os seus valores e accións apuntan cara un cambio social, económico e político e articúlanse en torno á globalización das solidariedades, á igualdade entre os homes e as mulleres, entre as mulleres e entre os pobos, ao respecto e ao recoñecemento da diversidade entre as mulleres, a multiplicidade das súas estratexias, a valorización da lideranza das mulleres e a forza das alianzas entre mulleres e con outros movementos sociais progresistas.

Os seus obxectivos, articulados en 17 reivindicacións, son:

1. Fortalecer e manter un vasto movemento de solidariedade entre todas as mulleres e organizacións de base para que a Marcha constitúa un xesto de afirmación das mulleres do mundo.
2. Promover a igualdade e a xustiza entre mulleres e homes, entre mulleres e, entre todos os pobos.
3. Seguir construíndo e fortalecendo un amplo proceso de educación popular onde todas as mulleres podan analizar por si mesmas e para elas mesmas, as causas da súa opresión, da súa discriminación e as posibles alternativas.
4. Por en práctica as reivindicacións e as alternativas comúns aos movementos das mulleres do mundo, a escala local, nacional, rexional e internacional, en torno aos temas de pobreza e de violencia cara as mulleres.
- 5a. Exercer presións políticas sobre os gobernos e as institucións políticas multilaterais

(por ex. a ONU), para que realicen os cambios necesarios para mellorar as condicións e a calidade de vida das mulleres do mundo, incluíndo unha política de desarme e de resolución pacífica de conflitos, o fin de todas as impunidades e da corrupción, o uso da violación como arma de guerra, as ocupacións e a presenza militar estranxeira ao igual que a imposición de bloqueos políticoeconómicos.

- 5b. Rexeitar e denunciar as institucións internacionais financeiras, económicas e militares (FMI, OTAN, OMC, BM, corporacións transnacionais, axencias de cooperación que condicionan as súas loitas, etc.) que empobrecen e marxinan as mulleres, e incrementan a violencia cara elas, e traballar con propostas institucionais alternativas.
6. Levar á poboación en xeral e aos movementos sociais a apoiar e realizar os cambios que sexan precisos para mellorar a posición, as condicións e a calidade de vida das mulleres do mundo.
7. Elaborar e instrumentar accións e propostas feministas con miras a denunciar as corporacións, institucións económicas e financeiras e gobernos que propician a explotación e a degradación dos recursos, os cambios climáticos e a perda de biodiversidade. Loitar pola soberanía na xestión dos recursos medioambientais que

leve a un modelo de desenvolvemento que atenda as necesidades fundamentais das xeracións presentes e futuras.

A última das súas accións, a III Acción Internacional, desenvolveuse entre o 8 de marzo e 18 de outubro do 2010 focalizando a súa atención na denuncia das guerras e os conflitos e a situación das mulleres nos mesmos. Durante este período realizáronse múltiples accións nos cinco continentes que concluíron con marchas e accións simultáneas entre o 7 o 17 de outubro, e con unha mobilización internacional en Kivu Sur na República Democrática do Congo como unha forma de fortalecer o protagonismo das mulleres na resolución de conflitos.

Máis información en: www.marchamundialdelasmujeres.org

Plataforma Mulleres Ante o Congreso

A Plataforma Mulleres ante o Congreso (PMAC) constitúese durante o proceso de elaboración da nova Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e de Interrupción Voluntaria do Embarazo no Estado español, que entrou en vigor o 5 de Xulio de 2010.

A Plataforma está integrada por 87 organizacións feministas do Estado español e conta co apoio de diversas organizacións e redes feministas de ámbito latinoamericano. As organizacións que integran a plataforma, a pesar de ter diferentes puntos de vista respecto á regulación da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE), artículanse en torno a cuestións clave compartidas para realizar incidencia política sobre este proceso lexislativo co obxectivo de alcanzar unha lei que protexa ante todo o dereito das mulleres a decidir sobre o seu corpo e sobre a súa maternidade con seguridade xurídica e sanitaria.

Entre as reivindicacións que formularon a través de diversas accións de incidencia cabe destacar as seguintes:

- Que a práctica do aborto deixe de ser fonte de inseguridade xurídica para as mulle-

res e o persoal sanitario. Que o dereito a decidir sobre os nosos corpos se regule exclusivamente en unha lei específica e deixe de estar tipificado como delito regulado dentro do Código Penal, sempre e cando non se realice contra a vontade da muller ou por imprudencia.

- Que se garanta a práctica da IVE na rede sanitaria pública e que se regule a obxeción de conciencia do persoal sanitario.
- Que non se restrinxa o dereito á IVE por razóns de saúde da muller xestante en ningún momento do embarazo.
- Que os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres novas en materia de IVE teñan a mesma regulación que para o resto das mulleres.
- Que se admitan prazos de libre decisión ate as 24 semanas.
- Que a anticoncepción teña o mesmo tratamento que outros produtos de farmacia.
- A incorporación da educación afectivo -sexual nos currículos de ensinanza primaria e secundaria.

- A interlocución fluída, sistemática e en igualdade de condicións entre os partidos políticos e as organizacións feministas á hora de debater o proxecto de Lei.

O seu traballo viuse reflectido en diversas melloras efectuadas respecto do contido do anteproxecto de Lei, e conseguiu modificar algunhas das propostas conservadoras e frear outras. Entre outros avances destacamos:

- Retírase do proxecto a proposta de aumento do número de ditamenes previos para os casos de risco para a vida ou saúde nas primeiras 22 semanas.
- Inclúense os anticonceptivos de última xeración na carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde.
- Establécese que a investigación e formación na práctica clínica da interrupción voluntaria do embarazo incorporaranse aos programas curriculares das carreiras relacionadas coa medicina e as ciencias da saúde.
- Regúlase a obxección de conciencia, que deberá exercitarse de forma individual, anticipada e por escrito, sen poder afectar á atención previa e posterior á IVE e sen que poda menoscabar o acceso e a calidade da prestación.

A Plataforma continuou o seu labor de incidencia política sobre os regulamentos que desenvolveron a Lei 2/2010 denunciando que

“ningunease ás asociacións defensoras dos dereitos das mulleres obviando a súa participación e apartación no desenvolvemento desta Lei. Polo contrario, encontrámonos con que o resultado dos Reais Decretos responde aos intereses dos sectores máis conservadores que se amosan contrarios aos dereitos das mulleres. O procedemento aprobado levanta toda unha carreira de obstáculos ás mulleres, dificultando e entorpecendo a súa decisión” e manifestan que seguirán levando a cabo accións de incidencia política para esixir que se garantan os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, especialmente o dereito a decidir sobre o propio corpo.

Máis información:

www.mujeressanteelcongreso.blogspot.org

Rede feminista fronte á violencia contra as mulleres



A Rede Feminista fronte á Violencia contra as Mulleres no Salvador está conformada polas organizacións: “*Asociación de Mujeres por la Dignidad y la Vida (Las Dignas)*”, “*Movimiento de Mujeres Mélida Anaya Montes (Las Mélicas)*” e “*Organización de Mujeres Salvadoreñas por la Paz (ORMUSA)*”, todas comprometidas co dereito á vida e á seguridade das mulleres que se unen neste esforzo desde o cal se espera contribuír á erradicación da violencia contra as mulleres nos espazos públicos e privados.

“*Las Dignas*” é unha organización política, feminista, creada en 1990, coa misión de contribuír á erradicación da subordinación de xénero, como condición da democracia, da xustiza social e da xustiza económica (www.lasdignas.org). “*Las Mélicas*” é unha asociación feminista autónoma, nacida en 1992, que contribúe á transformación da condición e posición das mulleres, promovendo na sociedade relacións de equidade entre os xéneros a través da organización, formación e capaci-

tación das mulleres nos diferentes sectores da sociedade (www.lasmelidas.org). “*ORMUSA*” é unha organización feminista, que se fundou en 1985, cuxa misión é a de promover a igualdade, a equidade de xénero e o empoderamento económico, social e político das mulleres a través de accións de incidencia política, facilitando o acceso á xustiza e o desenvolvemento local e nacional, desde un enfoque de dereitos humanos (www.ormusa.org).

Entre as experiencias desta Rede destacamos o Observatorio de Seguridade Cidadá das mulleres, un instrumento para a recompilación, análises, información, intercambio e difusión sobre a violencia e delincuencia que atentan contra a seguridade das mulleres no Salvador.

O Observatorio nace ante a preocupación constante a raíz das violacións aos dereitos humanos das mulleres, o grado de impunidade e a pouca visualización que o tema da violencia contra as mulleres ten no referido país.

É tamén unha voz de denuncia en contra de todo tipo de violencia contra as mulleres e un lugar de promoción da participación activa da poboación salvadoreña na construción da equidade de xénero e o respecto dos dereitos, a vida e a seguridade das mulleres.

Máis información en:

<http://www.observatoriodeseguridadciudadanadelasmujeres.org/>

Xunto con outras organizacións feministas, a Rede puxo en marcha a “*Campaña Regional polo Acceso á xustiza para as Mulleres*” cuxo obxectivo é promover o acceso adecuado, efectivo e oportuno á xustiza en casos de violencia contra as mulleres e feminicidio en Centroamérica e México; diminuír a impunidade asociada a estes casos, a través da adopción de mecanismos adecuados por parte dos estados; convocar a diversas instancias internacionais protectoras dos dereitos humanos para integrar unha misión que revise, documente e coñeza a problemática a nivel rexional, a través de visitas a zonas onde se estean documentando altos índices de violencia contra as mulleres e feminicidio; así como capacitar a operadoras e operadores de xustiza sobre feminicidio e violencia contra as mulleres, entre outras accións.

Ecologistas en Acción



Ecologistas en Acción é unha confederación de máis de 300 grupos ecologistas do Estado español. Nos últimos anos, un grupo de mulleres activistas da organización veñen realizando un labor de formación, sensibilización e incidencia sobre as formulacións e reivindicacións do ecofeminismo que recolleron en diversas publicacións¹ e que se resumen nos seguintes propostas:

- Mudanzas no imaxinario colectivo (modernidade, razón, ciencia, produtividade, etc.). Renaturalizar a sociedade, e aos homes particulares;
- Principios orientadores para unha transformación radical: decrecemento, sustentabilidade da vida humana e planetaria;
- Cambios nas relacións sociais rescatando valores e prácticas a miúdo protagonizadas por mulleres -polo seu rol social tradicional e imposto-;

- Corresponsabilidade de homes e mulleres, de diferentes axentes sociais, co benestar das futuras xeracións;
- Axustar con criterios de equidade e sustentabilidade os sistemas socioeconómicos ás capacidades da natureza (suficiencia, austeridade, deconstrución, decrecemento, proximidade e soberanía) para formular outra forma de vivir na Terra. Aprender a vivir con menos;
- Incorporar e dar valor aos saberes e traballos das mulleres e dos pobos indíxenas;
- Reconceptualización do traballo e da produtividade, redistribución de tempos e responsabilidades, a imitación do funcionamento da natureza;
- Redistribución dos traballos de coidados: equitativamente precisase visualización, recoñecemento e corresponsabilidade;

<http://www.ecologistasenaccion.org/spip.php?article16371>
www.feministas.org/IMG/pdf/crisis_ecologica-2.pdf
<http://www.fuhem.es/cip-ecosocial/boletin-ecos/numero.aspx?n=10>

- No lugar de pleno emprego, redistribución de todos os traballos (os actualmente remunerados e non remunerados);
- Fomento de experiencias e propostas concretas como: bancos de tempo, tendas sen custes, grupos de autoconsumo ecolóxicos, comunidades de aprendizaxe, grupos de crianza, entre outras.

Máis información en:
www.ecologistasenacción.org

As reivindicacións presentadas, nesta publicación, son o resultado dun proceso de participación e consenso no que tomaron parte as seguintes organizacións, grupos e institucións:

Abogadas para la Igualdad	Colectivo Invaxinate
Acción Verapaz Euskadi	Comisión Mujer por la Igualdad FEKOOR
ADSIS	Compromiso por las mujeres-Perú
AECID	Comunidad Mujeres Creando comunidad. Bolivia
ALBOAN	Cooperació
Aralar	Coordinadora Galega de ONGD
Ayuntamiento de Bilbao. Área de Igualdad, Cooperación y Ciudadanía	Coordinadora ONGD Andalucía
Ayuntamiento de Donostia- San Sebastián. Departamento Igualdad	COTEDE ONGD
Asociación de mujeres Inola Urduliz	Cruz Roja
Asociación Vasca promover Europ@	CSCA
Ayuda en Acción	Diputación de Málaga
Ayuntamiento de Miranda de Ebro	Diputación Foral de Gipuzkoa
Bagabiltza	Gobierno Vasco. Dirección de Cooperación
Basauriko Jabekuntza Eskola	EGE
Bateginez ONGD	ELA sindikatua
BATUZ	Elkartea
BIRBANA	Emakunde
Ca la Dona	Emaús Fundación Social
CEAR-Euskadi	Enclave de Ciudadanas por Getxo
CEMS	Entrepobles
Centre de Documentació Cooperació al Desenvolupament	Escribe-Lee
Centro de Acción Legal por los Derechos Humanos. Guatemala	Euskadi Cuba
Centro Derechos Mujeres. Honduras	FEKOOR-Comisión Mujer por la Igualdad
CEP-Alforja. Costa Rica	Felix Baltistan Fundazioa
CLADEM. Colombia	FISC
	Foro de hombres por la igualdad del Estado
	Fundación Centro de Promoción de la Mujer
	Fundación Indera

Fundación Intermon Oxfam
Fundación Más Vida
Fundación Vicente Ferrer
Grupo de Apoyo a la UNMS (Unión Nacional
de Mujeres Saharaus)
Haurralde
Instituto Universitario Estudios de la Mujer
INSTRAW
InteRed
InteRed Catalunya
IPES Internacional
KAQLA Guatemala
KCD-Kultura, Comunicación y Desarrollo
Las Dignas. El Salvador
Las Mélicas. El Salvador
Le Monde selon les femmes. Bélgica
Médicos del Mundo
Movimiento de Derechos Humanos Argentina
Movimiento de Mujeres Trabajadoras y
Desempleadas María Elena Cuadra. Nicaragua
Mugarik Gabe
Mujeres construyendo un mundo igualitario
Mujeres de aquí y de allá
Mujeres del Mundo
Mujeres Jóvenes de Asturias
Mulheres nacionalistas galegas
Mundubat
MZC, Mujeres en Zona de Conflicto
Oficina de Acción Solidaria y Cooperación
de la UAM
Oihulari Klown
Oreka Sarea S.L.
Paz y Desarrollo

Posada de los abrazos
Proyecto Transgénero. Ecuador
Red Latinoamericana de Católicas por el Derecho
a Decidir
REMTE. Ecuador
SETEM HEGO HAIZEA
Solidaridad Internacional
Solidaridad Internacional Galicia
Sortzen Consultoria S.L.
Unión Nacional de Mujeres Guatemaltecas.
Guatemala
Universidad de Barcelona
UPV/EHU
Urtxintxa eskola
WIDE

